



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2005/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 2 de XANEIRO de 2026

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día dous de xaneiro de dous mil vinte e seis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Administración Municipal, Sra. Saborido Díaz.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 26 de decembro de 2026. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2.- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA DE APOIO Á CELEBRACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 25288/333.

Visto o informe xurídico do 17/12/2025 e o informe de fiscalización de data 22/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 11/12/2025, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro

S.ord. 02/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/01/2026 10:24	Páxina 1 de 27
2005-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026	CSV: A8A2D4-DB48B4-B44HE5-JAEYD4-ZK1ZAS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

delegado de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1. Antecedentes

A) Con data 08.11.2024, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, aprobou o expediente para a “CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA DE APOIO Á CELEBRACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 23132/333” (trámite núm. 198 do expediente 13132-333).

B) A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 24.01.2025 adoptou o seguinte acordo (trámite núm. 263 do expediente 22172-333):

“Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 11 de decembro de 2024, dos licitadores que deseguido se relacionan por non acadar o limiar mínimo de puntuación establecido no apartado 7.A) do Anexo I (FEC) do PCAP que establece que “As ofertas con calidade técnica inadecuada serán excluídas do proceso de licitación” considerando as mesmas como aquelas que “que obteñan unha puntuación inferior ao 50% da puntuación máxima fixada para este criterio”:

1. EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, SLU.

2. EVENTOS CULTURAIS RETALLISTAS, SL.

Segundo.- Adxudicar a TEAM RELAY, SL o procedemento aberto do servizo de produción técnica de apoio á celebración de eventos deportivos da Cidade de Vigo (23132-333) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 61.413,17 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.658,48 euros.*
- b) Propón unha porcentaxe de desconto único a aplicar aos prezos unitarios consignados no apartado 3.G deste FEC con excepción do previsto no nº 1 da táboa (custes salariais) do 20%*
- c) Incrementa a experiencia mínima do responsable de coordinación exixida no punto 5.F desta FEC (2 anos) en 16 anos.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

C) Con data 21.02.2025, procédese á sinatura do contrato coa mercantil TEAM RELAY, S.L. (B36963601), para a prestación do servizo obxecto da contratación, a partir do 21.02.2025, inclusive, cunha duración ata o 20.02.2026, inclusive, contemplándose tres prórrogas dun ano de duración cada unha (trámite núm. 343 do expediente 23132-333).

D) Consta aviso previo da 1ª prórroga, enviado o 24.11.2025 coa antelación mínima esixida, en cumprimento do artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, sendo a aplicación da devandita prórroga obrigatoria para o contratista. Esta notificación é recibida polo adxudicatario o 25.11.2025 e a primeira prórroga proposta tamén é aceptada segundo o indicado no escrito do contratista do 3.12.2025 (trámites 5 e seguintes do presente expediente núm. 25288-333).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:24

Páxina 2 de 27

2005-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026

CSV: A8A2D4-DB48B4-B44HE5-JAEYD4-ZK1ZAS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2005/1102

2. Fundamentos de dereito

O artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, dispón no seu apartado segundo, que o contrato poderá prever unha o varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga apróbase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza con dous meses de antelación á finalización do prazo de execución do contrato.

No devandito artigo, no seu apartado cuarto, establécese que o prazo de duración nos contratos públicos de servizos será de 5 anos máximo, incluídas todas as súas prórrogas, que en aplicación do apartado segundo dese artigo, acorde o órgano de contratación, con respecto ás condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias que sexan aplicables ao ente contratante.

No PCAP, **cláusula 7. Prazo de execución, punto 3**, recóllese que este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses. O apartado 4. C da FEC contempla a posibilidade de tres prórrogas, dun ano de duración cada unha.

3. Desenvolvemento do contrato actual:

A empresa dispón de todos os medios necesarios tanto humanos como técnicos para o desenvolvemento do servizo, obxecto do contrato, e vén prestando o mesmo dun xeito satisfactorio, de acordo cos criterios marcados no Prego de Prescricións Técnicas.

Na situación actual, resulta necesario propoñer a primeira prórroga do contrato cara a garantir a prestación do servizo, tendo en conta a programación de eventos deportivos previstos.

4. Prezo anual do contrato:

A prezo máximo anual do contrato é de 61.413,17 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.658,48 euros, para a primeira anualidade.

5. Prezo para o período desta primeira prórroga:

Tendo en conta que esta primeira prórroga é por unha anualidade e segundo o indicado no PCAP non procede a revisión de prezos, o prezo do contrato para o período da primeira prórroga sería de 61.413,17 €, IVE incluído (importe base de 50.754,69 € e 10.658,48 en concepto de IVE).

6. Financiamento do contrato:

S.ord. 02/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/01/2026 10:24	Páxina 3 de 27
2005-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026	CSV: A8A2D4-DB48B4-B44HE5-JAEYD4-ZK1ZAS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O contrato financiarase con cargo a aplicación orzamentaria 3410.2260901 "Organización de actividades deportivas", coa seguinte distribución por anualidades:

ANUALIDADE	PARTIDA	IMPORTE
2026	3410.2260901 "ORG. ACTIV. DEPORTIVAS"	51,177.65 €
2027	3410.2260901 "ORG. ACTIV. DEPORTIVAS"	10,235.52 €

Posto que o prazo de execución do contrato remata o 20 de febreiro de 2026, conséntase a necesidade de garantir o servizo, faise necesario tramitar esta primeira prórroga do expediente de contratación do "SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA DE APOIO Á CELEBRACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS. EXPTE Nº 23132-333".

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de servizos en anos anteriores e, polo tanto, encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.a) "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos".

Polo anteriormente exposto e, conforme establece o art. 127 LBRL e a D. A. 2ª do Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, propónse a **Xunta de Goberno Local** previo informe xurídico e fiscalización de conformidade pola Intervención Xeral, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1. **Aprobar a primeira (1ª) prórroga** do expediente de contratación, mediante procedemento aberto, do "SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA DE APOIO Á CELEBRACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS. EXPTE Nº 23132-333", por un período de un ano, comprendido entre o 21 de febreiro de 2026 ata o 20 de febreiro de 2027, ambos os dous incluídos, conforme ao disposto no prego de cláusulas administrativas na prescrición 7ª, a favor da empresa TEAM RELAY, S.L. (B36963601).
2. **Aprobar o gasto** de 61.413,17 €, IVE incluído, que representa esta primeira (1ª) prórroga anual a favor de TEAM RELAY, S.L. (B36963601), con cargo a aplicación orzamentaria 3410.2260901 "ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS", coa seguinte distribución por anualidades:

ANUALIDADE	PARTIDA	IMPORTE
2026	3410.2260901 "ORG. ACTIV. DEPORTIVAS"	51,177.65 €
2027	3410.2260901 "ORG. ACTIV. DEPORTIVAS"	10,235.52 €

3. **Notificar este acordo ao contratista**, con indicación de que contra o mesmo poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2005/1102

presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (artigos 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e coincidentes da Lei 29/98).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3.- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SUBMINISTRO EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO (RENTING) DE VEHÍCULOS PARA A POLICÍA LOCAL. EXPTE. 68047/212.

Visto o informe xurídico do 11/12/2025 e o informe de fiscalización do 22/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 04/12/2025, asinado polo xefe da Área de Seguridade e Mobilidade e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 22 de xullo de 2021 adoptou no expediente tramitado co número 68.047-212 o seguinte Acordo:

“Adxudicar a TALLERES RODOSA, S.L. o procedemento aberto para a contratación para a contratación do subministro en réxime de arrendamento de vehículos para a Policía local (68.047-212) coas seguintes condicións:

1.- O prezo do contrato o de 1.048.344,00 euros (IVE incluído), sendo a cota correspondente ao IVE de 181.944,00 euros. Este prezo corresponde a suma dos prezos de cada unha das seguintes clases de vehículos (IVE incluído) multiplicados polo número de unidades de cada unha e polos 4 anos de duración do contrato:

Clase I 450.700,80 euros.

Clase II 248.582,40 euros.

Clase III 153.331,20 euros.

Clase IV 62.145,60 euros.

Clase V 133.584,00 euros.

2.- Unha redución do prazo de entrega de 30 días.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

S.ord. 02/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:24

Páxina 5 de 27

2005-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026

CSV: A8A2D4-DB48B4-B44HE5-JAEYD4-ZK1ZAS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Segundo.- A adxudicación comprendeu o subministro en réxime de arrendamento (renting) de 17 vehículos para a Policía Local.

Terceiro.- O contrato formalizouse en documento administrativo de data 30 de agosto de 2021.

Cuarto.- As prestacións do contrato comezaron o 21 de xaneiro de 2022 coa entrega efectiva por RODOSA, S.L. dos primeiros 8 vehículos (Clase I) dos 17 obxecto do contrato (doc. 220013936; trámites 552 e 581 do expediente de contratación).

Quinto.- Actualmente, a Policía Local está integrada por un total de 401 prazas, das que están ocupadas 332.

Sexto.- Por Resolución da Concelleira de Área de Seguridade de 26/05/2025 iniciouse expediente de contratación para o subministro en réxime de arrendamento dun mínimo de 32 vehículos para a Policía Local, á conclusión do contrato vixente.

Sétimo.- O 30 de outubro de 2025 o responsable do contrato notificou a **TALLERES RODOSA, S.L** a Resolución de 21 de outubro de 2025 (trámite 849 do expediente) de inicio do expediente de autorización da prórroga prevista no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- De conformidade co disposto no apartado 4 c) das Follas de Especificacións do Contrato (FEC), este contempla unha prórroga de 9 meses de duración.

Segundo.- O comenzo das prestacións tivo lugar coa entrega dos primeiros 8 vehículos dos 17 obxecto do contrato -apartado 4 a) das FEC-.

Terceiro.- De conformidade do establecido na Cláusula 7 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares

"CLÁUSULA 7.- PRAZO DE EXECUCIÓN

1.- *O prazo de execución do contrato será o establecido no apartado 4.A da FEC.*

2.- ...

3.- *Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dos meses.*

4.- ...



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:24

Páxina 6 de 27

2005-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026

CSV: A8A2D4-DB48B4-B44HE5-JAEYD4-ZK1ZAS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2005/1102

5.- A data de inicio do contrato será a sinalada no apartado 4.D da FEC agás nos supostos que se citan a continuación, nos que se fixará no contrato, dentro do prazo dos 30 días naturais seguintes á data da súa formalización:

Se no apartado 4.D da FEC non se fixa data para o comezo do contrato.

Se por mor da tramitación do expediente de contratación non fose posible formalizalo antes da data sinalada no apartado 4.D da FEC.”

Cuarto.- Aos efectos da execución da prórroga, os 17 vehículos que continúan en servizo están en bo estado de conservación mecánica, de carrocería e demais elementos de transformación policial.

Quinto.- O prezo do contrato relativo á prórroga de 9 meses é de 196.564,50 euros, entre o 21 de xaneiro de 2026 e o 20 de outubro de 2026.

Sexto.- Corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación da prórroga, a proposta da Concelleira de Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (en virtude das atribucións de carácter xenérico delegadas pola Xunta de Goberno Local mediante o acordo do 22 de xuño de 2023 e as súas sucesivas modificacións de 28 de xullo de 2023, 8 de marzo de 2024, 28 de xuño de 2024, 13 de xuño de 2025, 26 de setembro de 2025 e 7 de novembro de 2025).

En mérito de canto antecede, previo informes da Asesoría Xurídica e Intervención Xeral, en uso das atribucións que legalmente me corresponden veño en propoñer á Concellería de Área que eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de:

ACORDO

1º.- Autorizar a execución da prórroga do contrato *do subministro en réxime de arrendamento de vehículos para a Policía local (68.047-212)* prevista no apartado 4 c) das Follas de Especificacións do Contrato (FEC), de 09 meses de duración comprendidos entre o 21 de xaneiro de 2026 e o 20 de outubro de 2026.

2º.- Autorizar así mesmo o gasto relativo ao prezo da prórroga do contrato, por un importe de 196.564,50 €.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A “INSTALACIÓN DUN PAVIMENTO DEPORTIVO AREA-ELÁSTICO NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BEMBRIVE”. EXPTE. 6851/443.

S.ord. 02/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:24

Páxina 7 de 27

2005-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026

CSV: A8A2D4-DB48B4-B44HE5-JAEYD4-ZK1ZAS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/12/2025, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Dende a Concellería de Deportes remítese o proxecto básico e de execución para a “INSTALACIÓN DUN PAVIMENTO DEPORTIVO AREA-ELÁSTICO NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BEMBRIVE” redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso.

II.- O xefe do Servizo de Deportes e o xefe da Área de Servizos Xerais o día 23.10.2025 informan que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do encargo, polo que o concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, a proposta do xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o día 24.10.2024 resolven iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

III.- O pavillón polideportivo no que se pretende instalar o novo pavimento deportivo área-elástico atópase no Camiño da Capela nº23, 36313 Bembrive, Concello de Vigo. Segundo os datos do Catastro, a parcela na que se atopa o pavillón polideportivo conta ca seguinte referencia catastral: 54057A13500133-1-ZD.

Trátase dunha obra de instalación dun novo pavimento no interior dunha construción xa existente. A pista polideportiva ten unhas dimensións totais de 44'50 m * 23'00 m acadando unha superficie total de 1.023,50 m2.

As obras a levar a cabo son as seguintes:

- Levantamento da totalidade do pavimento de parquet industrial existente, deixando a superficie da soleira limpa e preparada para a execución dunha capa de recrecido con morteiro de cemento de 4cm de espesor armado con fibras de polipropileno antifisuras.
- Instalación dun pavimento deportivo areaelástico con acabado en madeira de faia cun espesor total aproximado de 60-66 mm.
- Sobre a soleira de morteiro de cemento estenderase unha lámina de polietileno de galga superior a 500 coma protector da humidade que proveña da soleira.
- Instalaranse soportes elásticos de caucho que permitan a absorción de impactos e faciliten o retorno controlado da enerxía para a práctica deportiva. Sobre eles dúas capas de paneis contrachapados de 9 mm de espesor en cada capa, atornilladas e encoladas.
- Como acabado unha madeira de faia de 14 mm de espesor cun mínimo de 3 mm de madeira noble, vernizada para uso deportivo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/01/2026 10:24	Páxina 8 de 27
2005-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026	CSV: A8A2D4-DB48B4-B44HE5-JAEYD4-ZK1ZAS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2005/1102

- Sobre o pavimento deportivo marcaranse os pintados e sinalizacións de pistas de xogo conforme ás normativas vixentes, con pintura de poliuretano bicomponente. O pavimento rematarase no seu perímetro con rodapé do mesmo material.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (TRES) 3 meses.

VI.- A enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal emite o día 02.12.2025 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

É de aplicación a Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en data 26/05/2025, publicado no DOG nº123 de data 30/06/2025, co certificado de inscrición no Rexistro de ordenación do territorio e planeamento urbanístico de Galicia de data 07/07/2025 e publicación no BOP nº146, de data 04/08/2025, coa súa entrada en vigor o 27/08/2025.

A actuación proposta consiste na instalación dun novo pavimento na pista polideportiva sen executar ampliación de volumes edificatorios. O uso segue a se-lo uso deportivo previsto no planeamento para esta edificación existente, son compatibles coas determinacións do Planeamento e as condicións de protección esixibles.

Os custes unitarios incluídos no proxecto considéranse axeitados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP, e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

S.ord. 02/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:24

Páxina 9 de 27

2005-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026

CSV: A8A2D4-DB48B4-B44HE5-JAEYD4-ZK1ZAS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *“non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto básico e de execución para a “INSTALACIÓN DUN PAVIMENTO DEPORTIVO AREA-ELÁSTICO NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BEMBRIVE” redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO CINCUENTA MIL SEIS EUROS con VINTE E CATRO CÉNTIMOS (150.006,24 €), e asinado dixitalmente os días 15 e 16 de outubro de 2025, respectivamente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A “INSTALACIÓN DUN PAVIMENTO DEPORTIVO AREA-ELÁSTICO NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE LAVADORES”. EXPTE. 6852/443.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:24

Páxina 10 de 27

2005-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026

CSV: A8A2D4-DB48B4-B44HE5-JAEYD4-ZK1ZAS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2005/1102

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/12/2025, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Dende a Concellería de Deportes remítese o proxecto básico e de execución para a “INSTALACIÓN DUN PAVIMENTO DEPORTIVO AREA-ELÁSTICO NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE LAVADORES” redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso.

II.- O xefe do Servizo de Deportes e o xefe da Área de Servizos Xerais o día 23.10.2025 informan que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do encargo, polo que o concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, a proposta do xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o día 24.10.2024 resolven iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

III.- O pavillón polideportivo no que se pretende instalar o novo pavimento deportivo área-elástico atópase na rúa de Santa Cristina nº 9, 36214 Lavadores, concello de Vigo. Segundo os datos do Catastro, a parcela na que se atopa o pavillón polideportivo conta ca seguinte referencia catastral: 5052101NG2755S-1-AA.

Trátase dunha obra de instalación dun novo pavimento no interior dunha construción xa existente. A pista polideportiva ten unhas dimensións totais de 45'00 m * 27'00 m acadando unha superficie total de 1.215'00 m2.

Plantéxase a instalación dun pavimento deportivo areaelástico con acabado en madeira de faia cun espesor total aproximado de 60-66 mm. Sobre o pavimento de parquet industrial existente instalaranse soportes elásticos de caucho que permitan a absorción de impactos e faciliten o retorno controlado da enerxía para a práctica deportiva. Sobre eles dúas capas de paneis contrachapados de 9 mm de espesor en cada capa, atornilladas e encoladas. Como acabado unha madeira de faia de 14 mm de espesor cun mínimo de 3 mm de madeira noble, vernizada para uso deportivo.

Sobre o pavimento deportivo marcaranse os pintados e sinalizacións de pistas de xogo conforme ás normativas vixentes, con pintura de poliuretano bicomponente. O pavimento rematarase no seu perímetro con chapa perforada de aceiro con pintado epoxi en cor definido pola D.F. ou zócalo de chapeado de madeira.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (TRES) 3 meses.

VI.- A enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal emite o día 02.12.2025 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

S.ord. 02/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/01/2026 10:24	Páxina 11 de 27
2005-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026	CSV: A8A2D4-DB48B4-B44HE5-JAEYD4-ZK1ZAS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“(...)

É de aplicación a Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en data 26/05/2025, publicado no DOG nº123 de data 30/06/2025, co certificado de inscrición no Rexistro de ordenación do territorio e planeamento urbanístico de Galicia de data 07/07/2025 e publicación no BOP nº146, de data 04/08/2025, coa súa entrada en vigor o 27/08/2025.

A actuación proposta consiste na instalación dun novo pavimento na pista polideportiva sen executar ampliación de volumes edificatorios. O uso segue a se-lo uso deportivo previsto no planeamento para esta edificación existente, son compatibles coas determinacións do Planeamento e as condicións de protección esixibles.

Os custes unitarios incluídos no proxecto considéranse axeitados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:24

Páxina 12 de 27

2005-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026

CSV: A8A2D4-DB48B4-B44HE5-JAEYD4-ZK1ZAS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2005/1102

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *“non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto básico e de execución para a “INSTALACIÓN DUN PAVIMENTO DEPORTIVO AREA-ELÁSTICO NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE LAVADORES” redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO DEZAOITO MIL CATROCENTOS CINCUENTA E CINCO EUROS con SEIS CÉNTIMOS (118.455,06 €), e asinado dixitalmente os días 15 e 16 de outubro de 2025, respectivamente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6.- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE APOIO TÉCNICO Á OFICINA MUNICIPAL DE VOLUNTARIADO E FORMACIÓN ÁS PERSOAS VOLUNTARIAS E ENTIDADES DE VOLUNTARIADO. LOTES I E II. EXPTE. 2085/322.

Visto o informe xurídico do 15/10/2025 e o informe de fiscalización do 22/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 27/11/2025, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento local, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

S.ord. 02/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/01/2026 10:24	Páxina 13 de 27
2005-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026	CSV: A8A2D4-DB48B4-B44HE5-JAEYD4-ZK1ZAS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

I. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 12 de xaneiro de 2023, acordou adxudicar a ATELIER SOCIAL, S.L. (B-32.437.360) o Lote I “*Apoio técnico*” do procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (1280-322) e o Lote II “*Formación a persoas voluntarias e entidades*” do procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (1280-322).

II. Con data 08/02/2023, a Concelleira delegada de Contratación asinou os contratos de ambos lotes coa representante da entidade mercantil ATELIER SOCIAL, S.L., iniciándose a súa execución o día seguinte (09/02/2023), polo que, o seu prazo finalizará o 08/02/2025.

III. Con data 21/11/2024, a quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, autorizou o inicio da tramitación do expediente de 1ª PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVICIOS PARA A PRESTACIÓN DE APOIO TÉCNICO Á OFICINA MUNICIPAL DE VOLUNTARIADO E FORMACIÓN ÁS PERSOAS VOLUNTARIAS E ENTIDADES DE VOLUNTARIADO, a cal, de acordo co disposto no artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e conforme á previsión contida nos pregos e demais documentación do contrato, tería unha duración de un (1) ano, durante o período comprendido entre o 09/02/2025 – 08/02/2026.

IV. A través da notificación co número de saída 175490-2024-1 se comunicou ao adxudicatario o preaviso da prórroga do contrato.

V. O 17/01/2025 acordouse mediante Xunta de Goberno Local autorizar a 1ª prórroga dos contratos por un (1) ano, para o período comprendido entre o 09/02/2025 – 08/02/2026 (exp. 1833-322).

VI. Con data 18/11/2025, a quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude, autorizou o inicio da tramitación do expediente de 2ª PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVICIOS PARA A PRESTACIÓN DE APOIO TÉCNICO Á OFICINA MUNICIPAL DE VOLUNTARIADO E FORMACIÓN ÁS PERSOAS VOLUNTARIAS E ENTIDADES DE VOLUNTARIADO, a cal, de acordo co disposto no artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e conforme á previsión contida nos pregos e demais documentación do contrato, tería unha duración de un (1) ano, durante o período comprendido entre o 09/02/2026 – 08/02/2027.

VII. A través da notificación co número de saída 189644-2025-1 se comunicou ao adxudicatario o preaviso da 2ª prórroga do contrato.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), dispón que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:24

Páxina 14 de 27

2005-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026

CSV: A8A2D4-DB48B4-B44HE5-JAEYD4-ZK1ZAS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2005/1102

características permanezan inalterables durante o período de duración destas. Segundo o disposto no dito precepto, a prórroga acordarase polo órgano de contratación sendo obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

A través da notificación de data 21/11/2025 e nº de saída 189644-2025-1, se comunicou ao adxudicatario o preaviso da 2ª prórroga do contrato coa antelación mínima exixida no citado artigo 29.2 da Lei 9/2017.

II. Segundo o disposto no apartado 7.3 do PCAP este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

III. No apartado 4.C das FEC e no apartado 4 da memoria xustificativa se prevén dúas (2) prórrogas de un (1) ano de duración e a cláusula catro do contrato dispón que o prazo de duración do contrato é de 2 anos, contado a partir do día seguinte ao da sinatura do mesmo pola Concelleira delegada de Contratación, prevéndose 2 prórrogas de un ano de duración.

IV. Na actualidade os servizos de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (expte. 1280-322), se desenvolven conforme o disposto no prego de condicións técnicas.

V. Durante o período de duración da prórroga, atendendo ao disposto no artigo 29.2 da LCSP, as características do contrato permanecerán inalterables manténdose as melloras ofertadas no contrato consistentes en:

- Lote I "Apoio técnico":

- Propón 10 xornadas informativas organizadas de xeito presencial, dirixidas ao fomento do voluntariado nos referidos colectivos e/ou ámbitos da Cidade, especialmente en centros educativos e sanitarios, entidades deportivas, culturais, asistenciais, veciñais, centros cívicos.
- Propón un incremento de horas de apoio técnico de 180 horas (a maiores do mínimo de 1.800 horas fixado na cláusula 2 do PPTP).

- Lote II "Formación a persoas voluntarias e entidades":

- Propón un incremento de horas de formación presencial de 40 horas (a maiores do mínimo de 65 horas fixado na cláusula 5 do PPTP).
- Propón un incremento das horas de formación "online" de 10 horas (a maiores do mínimo de 15 horas fixado na cláusula 5 do PPTP).
- Propón 2 campañas de fomento da formación do voluntariado dirixidas á poboación en xeral por medios offline ou a mozos e mozas por redes sociais
- Propón 2 campañas de fomento da formación do voluntariado dirixidas a entidades de voluntariado por medios offline ou entidades de voluntariado por redes sociais.

S.ord. 02/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:24

Páxina 15 de 27

2005-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026

CSV: A8A2D4-DB48B4-B44HE5-JAEYD4-ZK1ZAS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

VI. Debido á necesidade de garantir a prestación do servizo faise necesario tramitar a prórroga do contrato maior de servizos de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (expte. 1280-322)

VII. A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este mesmo tipo de actividade en anos anteriores e, polo tanto, se encadra na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- *“En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:*

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.”

VIII. O órgano competente para acordar a prórroga dos contratos é a Xunta de Goberno Local.

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, resolución de atribucións de competencias de 20 de xuño de 2023, e resolución de modificación de delegación de competencias do 25 de setembro de 2025) e conforme ao establecido no artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, na cláusula 7ª do PCAP, nos apartados 4.A e 4.C das FEC do contrato e no apartado 4 da memoria xustificativa, atendendo ás necesidades contractuais que se expoñen no presente informe da xefatura do servizo e previo informe de Intervención, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, a aprobación do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Autoriza-la segunda prórroga de UN ANO, para o período comprendido entre o 09/02/2026 ó 08/02/2027, do contrato para a prestación dos servizos apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (expte. núm. 1280-322), do que é actual adxudicataria ATELIER SOCIAL, S.L. (B32437360) por acordo da Xunta de Goberno Local de 12/01/2023.

A prórroga do contrato, para o Lote I *“Apoio técnico”*, terá un importe de 37.083,26 euros, dos que 33.110,05 € corresponden ao orzamento do 2026 e 3.973,21 € corresponden ao orzamento do ano 2027, e se imputará á aplicación orzamentaria 9251 2279900 ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS, manténdose, no período de prórroga, as condicións ofertadas no contrato consistentes en:

- Propón 10 xornadas informativas organizadas de xeito presencial, dirixidas ao fomento do voluntariado nos referidos colectivos e/ou ámbitos da Cidade, especialmente en centros educativos e sanitarios, entidades deportivas, culturais, asistenciais, veciñais, centros cívicos.
- Propón un incremento de horas de apoio técnico de 180 horas (a maiores do mínimo de 1.800 horas fixado na cláusula 2 do PPTP).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:24

Páxina 16 de 27

2005-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026

CSV: A8A2D4-DB48B4-B44HE5-JAEYD4-ZK1ZAS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2005/1102

A prórroga do contrato, para o Lote II “*Formación voluntarios e entidades*”, terá un importe de 13.220,46 euros, dos que, 11.803,98 € corresponden ao orzamento do 2026 e 1.416,48 € corresponden ao orzamento do ano 2027, e se imputará á aplicación orzamentaria 9251 2279902 FORMACIÓN VOLUNTARIADO, manténdose, no período de prórroga, as condicións ofertadas no contrato consistentes en:

- Propón un incremento de horas de formación presencial de 40 horas (a maiores do mínimo de 65 horas fixado na cláusula 5 do PPTP).
- Propón un incremento das horas de formación “online” de 10 horas (a maiores do mínimo de 15 horas fixado na cláusula 5 do PPTP).
- Propón 2 campañas de fomento da formación do voluntariado dirixidas á poboación en xeral por medios offline ou a mozos e mozas por redes sociais
- Propón 2 campañas de fomento da formación do voluntariado dirixidas a entidades de voluntariado por medios offline ou entidades de voluntariado por redes sociais.

SEGUNDO.- Autorizar e comprometer o gasto da segunda prórroga do contrato, de acordo co disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais:

- Lote I “*Apoio técnico*” polo importe de 37.083,26 euros, dos que 33.110,05 € corresponden ao orzamento do 2026 e 3.973,21 € corresponden ao orzamento do ano 2027, que se imputará á aplicación orzamentaria 9251 2279900 ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS.

- Lote II “*Formación voluntarios e entidades*”, polo importe de 13.220,46 euros, dos que, 11.803,98 € corresponden ao orzamento do 2026 e 1.416,48 € corresponden ao orzamento do ano 2027, que se imputarán á aplicación orzamentaria 9251 2279902 FORMACIÓN VOLUNTARIADO.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos nos art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 02/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:24

Páxina 17 de 27

2005-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026

CSV: A8A2D4-DB48B4-B44HE5-JAEYD4-ZK1ZAS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- Proxecto de convenio de colaboración coa entidade Sociedad Estatal Correos y Telégrafos para a participación na cabalgata de Nadal. Expte. 10579/335.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

7.- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS PARA A PARTICIPACIÓN NA CABALGATA DE NADAL. EXPTE. 10579/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 30/12/2025, asinado pola xefa do servizo de Festas, e conformado pola secretaria de Administración Municipal e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRJSP)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:24

Páxina 18 de 27

2005-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026

CSV: A8A2D4-DB48B4-B44HE5-JAEYD4-ZK1ZAS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2005/1102

- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen ánimo de lucro e de incentivos fiscais ao mecenado

ANTECEDENTES

Primeiro.- O servizo de Festas, no exercicio das súas competencias, está organizando os programas da Cabalgata de Reis do ano 2026.

Segundo.- A entidade SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS presenta escrito para participar na “CABALGATA DE REIS 2026” que terá lugar o día 5 de xaneiro de 2026.

Terceiro.- O día 30 de decembro do 2025, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente para a sinatura do correspondente convenio de colaboración coa entidade SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS (A83052407) para a súa participación na Cabalgata de Reis 2026.

-I-

FUNDAMENTOS XURÍDICOS DOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN

Os convenios son acordos con efectos xurídicos adoptados polas administracións públicas, organismos públicos e entidades de dereito público vinculadas ou dependentes ou universidades públicas entre elas ou con suxeitos de dereito privado para un fin común (artigo 47.1 LRJAP). Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos.

O convenio enmarcase en materias de competencia propias do Concello, a promoción da cultura e equipamentos culturais, recollidas nos artigos 25.2. m da LBRL, e o 80.2. n) (actividades culturais) da LALGA.

A Lei 49/2002 prevé a colaboración público privada na posta en marcha de actividades de carácter municipal. Así, o seu artigo 25 o establece que se entenderá

S.ord. 02/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:24

Páxina 19 de 27

2005-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026

CSV: A8A2D4-DB48B4-B44HE5-JAEYD4-ZK1ZAS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral para os efectos previstos nesta Lei, aquel polo que as entidades ás que se refire o artigo 16 (entre as que se atopan as entidades locais) a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas citadas actividades.

-II-

DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS DE EFICACIA DOS CONVENIOS

A LJSP establece os seguintes requisitos para os convenios:

- a) Non poderán implicar a transferencia da titularidade da competencia.
- b) A sinatura dos convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta dos medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación en materia de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- c) A xestión, xustificación e demais actuacións relacionadas cos gastos derivados dos convenios que inclúan compromisos económicos, axustaranse ao disposto na lexislación orzamentaria.
- d) Os convenios que inclúan compromisos económicos deberán ser financeiramente sustentables, e os que os asinen deberán ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio.
- e) As achegas económicas que os asinantes se comprometan a realizar non poderán superar os gastos derivados da execución do convenio.

A entidade SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS presentou a documentación necesaria para a tramitación do presente convenio, segundo consta na Dilixencia de verificación administrativa de data 30/12/2025.

Revisada a documentación presentada, procede analizar se o convenio previsto cumpre cos requisitos esixidos no artigo 48 da LRJAP:

- Non implica transferencia da titularidade da competencia, que segue correspondendo ao concello.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:24

Páxina 20 de 27

2005-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026

CSV: A8A2D4-DB48B4-B44HE5-JAEYD4-ZK1ZAS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2005/1102

- A sinatura deste convenio mellora a eficiencia da xestión pública, contribúe á realización de actividades de utilidade pública, neste caso a cabalgata de reis, e cumpre coa lexislación en materia de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, non afectando a estabilidade e sustentabilidade financeira do Concello.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

-III-

DO CONTIDO DOS CONVENIOS

O contido obrigatorio dos convenios está regulado no artigo 49 da LRJAP:

- a) Os suxeitos que asinen o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamentan as actuacións da Administración.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, se é o caso, a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se é o caso, con indicación da súa distribución temporal por anualidades e a súa consignación específica ao orzamento correspondente segundo o disposto na lexislación orzamentaria.
- e) Consecuencias aplicables no caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes e, se é o caso, dos criterios para determinar a posible indemnización polo incumprimento.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto dos convenios.
- g) O réxime de modificación do convenio. A falta de regulación expresa, a modificación do contido do convenio requirirá o acordo unánime dos asinantes.
- h) Prazo de vixencia do convenio tendo en conta as seguintes normas:

S.ord. 02/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/01/2026 10:24	Páxina 21 de 27
2005-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026	CSV: A8A2D4-DB48B4-B44HE5-JAEYD4-ZK1ZAS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá exceder de catro anos, salvo que legalmente se prevexa un prazo superior.
2. En calquera momento antes do remate do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do convenio poderán acordar por unanimidade a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

-IV-

COMPETENCIAS

A competencia para a aprobación de convenios con outras Administración e entidades públicas e privadas ou adhesión aos mesmos agás que a súa aprobación corresponda ao Pleno, correspóndelle á Xunta de Goberno local por Resolución de Alcaldía de data 20 de xuño de 2023.

PROPOSTA DE ACORDO

En base ao anterior, proponse á Xunta de Goberno local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“PRIMEIRO: Aprobar o convenio coa entidade Sociedad Estatal Correos y Telegrafos (CIF A-83052407), para participar na “Cabalgata de Reis 2026”.

SEGUNDO: Unha vez aprobado o presente acordo, deberá asinarse o convenio de colaboración pola Concelleira Delegada da área de Seguridade Contratación Festas e Xestión Municipal e a entidade solicitante.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo ao interesado, indicando que esta resolución pon fin á vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o órgano competente da Xurisdición Contencioso administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de Xurisdición Contencioso-administrativa.

Así mesmo, a resolución poderá ser recorrida potestativamente en reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada,





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2005/1102

de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO “SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS (A83052407)” PARA A SÚA PARTICIPACIÓN NA CABALGATA DE REIS 2026. (expte.- 10579-335)

Vigo, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, dona Patricia Rodríguez Calviño, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal do CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de data 20 e 28 de xuño de 2023 e modificación de data 28/6/2024.

Doutra parte, D. Jose Ángel del Rio Tembras con DNI ***70010** en representación da entidade SOCIEDAD ESTATAL DE CORREOS Y TELEGRAFOS, SA, CIF A 83052407, con domicilio social na rúa do Franco, num.4, Santiago de Compostela.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

Primeiro.- O art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dispón que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que

S.ord. 02/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:24

Páxina 23 de 27

2005-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026

CSV: A8A2D4-DB48B4-B44HE5-JAEYD4-ZK1ZAS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

contribúan a satisfacer as necesidades y aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

Segundo.- Que a finalidade do convenio é acadar a colaboración da entidade “SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS”, co Concello de Vigo no fomento de actividades socioculturais, todas elas de interese xeral, que se celebren na cidade de Vigo, no programa da Cabalgata de Reis 2026, nos termos do artigo 25 da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Terceiro.- Que o presente convenio constitúe un convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral segundo o artigo 25 da Lei 49/2002, de 23 de decembro en virtude do cal o Concello de Vigo, a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador en ditas actividades.

A difusión da participación do colaborador no marco nos convenios de colaboración definidos neste artigo non constitúe prestación de servizos polo que se atopa excluído do ámbito de aplicación da lei 40/2015, do 1 de outubro do sector.

Cuarto.- Que o Concello ten competencia para recibir achegas económicas a tenor do disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais en concepto de ingreso de natureza non tributaria de dereito privado, e é unha das entidades beneficiaria de mecenado de conformidade co artigo 16 apartado b) da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Quinto.- Que por tanto, o Concello e a entidade SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS teñen un especial interese en colaborar na citada actividade, mediante o instrumento de Convenio de Colaboración Empresarial previsto no devandito artigo 25 de Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Por todo elo, as partes intervenientes acordan subscribir o presente convenio de Colaboración con suxeición os seguintes:

PACTOS

Primeiro.- Obxecto do convenio

O presente convenio entre o Concello de Vigo e o a entidade SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS en actividades de interese xeral ten por obxecto establecer a colaboración económica da actividade CABALGATA DE REIS 2026 que terá lugar en Vigo o día 5 de xaneiro de 2026.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:24

Páxina 24 de 27

2005-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026

CSV: A8A2D4-DB48B4-B44HE5-JAEYD4-ZK1ZAS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2005/1102

Co fin de acadar dito obxecto, a entidade asume o compromiso de efectuar as achegas (en especie) que se indican no terceiro pacto e o Concello a difundir a participación do colaborador, a cambio das axudas para a realización das actividades de carácter sociocultural que se pretende levar a cabo.

Segundo.- Natureza

Ambas as dúas partes declaran que o presente convenio de colaboración en proxectos ou actividades culturais de interese social ten a natureza dos previstos na Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado e que, en ningún caso, debe considerarse que persegue os fins dos contratos de patrocinio publicitario recollidos no artigo 24 de la Lei 34/1988, de 11 de novembro, Xeral de Publicidade.

A tódolos efectos, a difusión da participación da entidade SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS no marco do establecido no presente convenio non constitúe unha prestación de servizos.

Terceiro.- Compromisos das partes

A entidade SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS coa sinatura do presente convenio, asume o compromiso de participar na actividade Cabalgata de Reis 2026 cunha achega en especie que consistirá na asistencia dunha animación formada por 18 carros de reparto que levarán decoración de carteas e agasallos cun total de 30 participantes (18 adultos e 12 nenos) e caramelos.

Cuarto.- Accións de difusión da colaboración

En virtude do presente convenio O CONCELLO comprométese a difundir por calquera medio a participación do colaborador nas citadas actividades e en concreto en cuñas radiofónicas, anuncios publicitarios en televisión local e información en prensa escrita.

En especial, o Concello utilizará o logotipo do colaborador en calquera soporte que sexa utilizado para difundir as actuacións proxectadas ou en fase de realización, con especial mención, no seu caso, á avaliación da achega económica de aquela.

Quinto.- Comisión de Seguimento

Ambas partes constituirán una Comisión Mixta formada por dous membros por cada unha das partes, que terá como funcións o seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos asumidos polas partes. Tamén resolverá os problemas que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo.

S.ord. 02/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/01/2026 10:24	Páxina 25 de 27
2005-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026	CSV: A8A2D4-DB48B4-B44HE5-JAEYD4-ZK1ZAS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Sexto.- Duración do convenio

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e permanecerá vixente ata a data de remate do evento.

Sétimo.- Causas de resolución do convenio

Sen prexuízo das causas legais, o presente convenio poderá ser resolto polos motivos seguintes:

- a) Por mutuo acordo das partes intervinientes.
- b) O incumprimento por calquera das partes de algunha das obrigas que se establecen neste convenio que non fora emendado nun prazo de dez días dende que se comunicase tal circunstancia á outra parte.

Oitavo.- Publicidade

Conforme ao establecido na normativa sobre transparencia, acceso á información pública e bo goberno, o presente convenio será publicado na páxina web do Concello de Vigo.

Noveno.- Protección de datos

Cada unha das partes obrigárase a cumprir coas obrigas en materia de protección de datos e acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais

Décimo.- Propiedade intelectual

Ningunha das manifestacións que contén o presente convenio supón a cesión ou transmisión de calquera dereito da propiedade intelectual ou industrial, titularidade, nin do Colaborador nin do Concello.

O uso indebido ou para un fin distinto ao pactado no presente convenio, por algunha das partes, de calquera signo distintivo protexido polos dereitos de propiedade industrial ou intelectual, facultará á parte prexudicada para resolver o presente convenio e pedir a correspondente indemnización de danos e prexuízos a que houbese lugar.

Undécimo.- Normativa aplicable e xurisdición

O convenio de que se trata é un convenio de colaboración empresarial conforme o artigo 25 da Lei 49/2002, de 23 de decembro, e artigos 111 Texto Refundido de disposicións vixentes locais, Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, a Lei



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2026 10:24

Páxina 26 de 27

2005-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026

CSV: A8A2D4-DB48B4-B44HE5-JAEYD4-ZK1ZAS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2005/1102

39/2015, do 2 de novembro, de procedemento administrativo común, Real Decreto 500/90 de 20 de abril, como en especie. As achegas poderán cubrir a totalidade ou parte da actividade obxecto da colaboración e poderán proceder de varios colaboradores.

Duodécimo.- Resolución de controversias

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo intervencións neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

PSD/if.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez

S.ord. 02/01/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/01/2026 10:24	Páxina 27 de 27
2005-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026	CSV: A8A2D4-DB48B4-B44HE5-JAEYD4-ZK1ZAS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		